

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución da presidencia número 25118 de data 24 de maio de 2022

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACION
PROVINCIAL DA CORUÑA

A REPRESENTANTE DA ASAMBLEA PROVINCIAL CRUZ
ROJA DA CORUÑA

Asdo.: Valentín González Formoso

Asdo.: Mercedes Casanova Díaz

A SECRETARIA XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Asdo.: Amparo Taboada Gil



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número 34/2022

CONVENIO DE COOPERACION ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA E A CRUZ ROJA ESPAÑOLA, ASAMBLEA PROVINCIAL CRUZ ROJA DA CORUÑA, PARA COORDINAR ACTUACIÓNS DE ATENCIÓN A PERSOAS DESPRAZADAS DENDE UCRAÍNA COMA CONSECUENCIA DA GUERRA

Na Coruña, a 2 de xuño de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante.

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra parte, Dona Mercedes Casanova Díaz, en representación da Asamblea Provincial Cruz Roja da Coruña.

MANIFESTAN

Como consecuencia da guerra de Ucraína centos de miles de persoas víronse desprazadas forzosamente dos seus lugares de residencia buscando refuxio en diversos países, en especial na Unión Europea, e polo tanto tamén España está a recibir un importante número de persoas desprazadas.

A Deputación Provincial da Coruña considera prioritario atender a estas persoas para que poidan ter unha vida digna mentres non poidan regresar aos seus fogares.

Así mesmo a Deputación é consciente desta grave situación que tanto dolor está a provocar en millóns de seres humanos e considera necesario colaborar coas institucións que atenden aos refuxiados.

A Cruz Roja Española, foi fundada o 6 de xullo de 1864, de acordo coa Conferencia Internacional de Ginebre de 1863, e é unha institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público, de desenvolve a súa actividade baixo a protección do Estado Español exercida a través do Consello de Protección.

A Deputación, coa finalidade de axudar ás persoas afectadas polo guerra de Ucraína, ofertou ao Goberno de España un equipamento residencial integrado no edificio do IES Rosalía Mera, no que poder acoller temporalmente a estas persoas.

Por todo o exposto as entidades asinantes consideran necesario a formalización dun convenio de cooperación con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asamblea Provincial Cruz Roja da Coruña, para atender ás persoas desprazadas como consecuencia da guerra en Ucraína que se aloxen no equipamento de titularidade provincial.

II.- CENTRO DE EMERXENCIA ROSALÍA MERA

O equipamento residencial integrado no IES Rosalía Mera incorpórase ao Sistema de Acolli-da Integral de Persoas Solicitantes de Protección Internacional e Protección Temporal do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, regulado por Real Decreto 220/2022, do 29 de marzo.

Esta residencia constitúese como Centro de Emerxencia, que é a denominación dos dispositivos creados especificamente para a acollida do elevado número de persoas desprazadas desde Ucraína, cuxo obxectivo é dar aloxamento e manutención de maneira inmediata ás persoas que o soliciten, así como dar respostas a outras necesidades que poidan presentar ata ser derivadas a un recurso de Acolli-da Temporal, á Segunda fase ou ao Programa de Acollemento Familiar.

O Centro de Emerxencia Rosalía Mera conta coas seguintes instalacións que dispoñen do equipamento necesario:

* 21 habitacións dobres con baño, das que 11 teñen terraza.

* 1 habitación individual con baño

* Espazos comúns: cociña, comedor, biblioteca, sala de estar, 2 despachos individuais, oficina xeral con 5 postos, sala de ordenadores, aseo común, 2 almacéns e sala de TV.

III.- XESTIÓN DO PROGRAMA DE ACOLLIDA

A xestión do programa de Acolli-da Integral de Persoas Solicitantes de Protección Internacional e Protección Temporal do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, regulado por Real Decreto 220/2022, do 29 de marzo, no Centro de Emerxencia Rosalía Mera foi encomenda polo dito ministerio á Cruz Roja da Coruña.

IV.- ACTUACIÓNS DA CRUZ ROJA

As prestacións e as axudas que se dispensarán no Centro son as establecidas no Manual de Xestión V.5.0 da Dirección Xeral de Xestión do Sistema de Acolli-da de Protección Internacional e Temporal.

Para xestionar este programa de acollida a Cruz Roja adscribirá ao Programa o seguinte equipo técnico:

- 1 responsable do programa
- 2 técnicos sociais
- 2 mediadores/intérpretes ucraínos
- 5 integradores sociais

Os integradores sociais prestarán o seu servizo en horario de 24 horas, de luns a domingo, estando sempre presente un deles no centro, polo terán a súa disposición 1 dormitorio individual.

En ningún caso estos servizos xenerarán relación laboral contractual coa Deputación Provincial da Coruña.

As cuestións que poidan xurdir en relación coa xestión do programa e uso das instalacións deberán ser tratadas pola persoa responsable da Cruz Roja co Director do IES Rosalía Mera.

O uso temporal e provisional destes locais da Deputación pola Cruz Roja, non suporá en ningún caso cesión de titularidade dos mesmos.

V.- ACTUACIÓNS DA DEPUTACIÓN

A Deputación Provincial da Coruña aporta ao Programa:

* Aloxamento e manutención para un máximo de 42 persoas desprazadas.

O número de prazas podería incrementarse no caso de menores de 4 anos que durman en cunas.

* Subministrados, conexión a internet.

* Limpeza e lavandería.

* Actividades deportivas e de lecer, en coordinación co IES Rosalía Mera.

VI.- RÉXIME ECONÓMICO

A Deputación Provincial da Coruña **non** aboará a Cruz Roja da Coruña cantidade ningunha derivada do presente convenio de colaboración.

A Deputación Provincial da Coruña farase cargo dos gastos de manutención de do persoal da Cruz Roja adscrito ao Programa e do aloxamento do integrador social, incluíndo fins de semana.

VII.- COMISION DE SEGUIMIENTO

Para coordinar as actuacións do presente convenio constituirase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada institución e designados polos seus respectivos presidentes.

VIII.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

IX.- VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2022, podendo prorrogarse por mutuo acordo expreso da partes ata un ano máis.

Non obstante, se se producise a finalización da guerra o presente convenio extinguirase nun prazo máximo de tres meses a contar a partir da produción de dita circunstancia.